



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
2020/G010/000005	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de maio de 2020
Duración	Dende as 13,45 horas ata as 15,35 horas
Lugar	Acta telemática, celebración a distancia
Presidida por	ROBERTO REY MARTÍNEZ
Secretaria	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	NON
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	NON
35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ

Unha vez verificada pola **Secretaria** a válida constitución do órgano, o presidente explica



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

o voto nominal e as circunstancias excepcionais que levan á celebración deste Pleno na modalidade de telemático, debido ás consecuencias da crise sanitarias causada polo COVID-19, abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de borrador repartido coa convocatoria, a seguinte acta

- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 7 de marzo de 2020.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

Formúlase a seguinte observación:

O Alcalde concédelle a palabra ao portavoz do grupo municipal do PSOE, Don Enrique Astray, que formula unha observación. Sinala que debería incluír o seguinte parágrafo no punto 8.3 **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA** da acta anterior:

O voceiro do PSOE, Don Enrique Astray, que afirma que <<Dende o grupo socialista de Frades, queremos recordar que o desprazamento do IVE foi promovido polo Goberno de Mariano Rajoy, sendo Ministro de Facenda, Cristóbal Montoro; no ano 2017. Pero é que, ademáis, o goberno de Pedro Sánchez, na Lei de Orzamentos propoñía unha solución ao dito problema, solución que o PP rexeitou>>.

Unha vez se corrixa, o Pleno, por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 7 de marzo de 2020.

2.- ASUNTO.: DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o nº 54/2020 ata o número 93/2020, en formato PDF.

O Pleno queda sabedor.

3.-ASUNTO.: SOLICITUDE DO CONCELLO DE FRADES Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA QUE INCLÚA O PROXECTO DENOMINADO <<MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PROVINCIAL DP 3802 ORDES-PONTECARREIRA, PK 14,45 A PK 16,825 NA MARXE ESQUERDA>> NO PROGRAMA DE SENDAS PEONÍS DAS ESTRADAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL-



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O Sr. Alcalde-Presidente explica que:

<<Visto que a Deputación da Coruña dende fai varios anos ven destinando unha parte importante do seu orzamento anual en mellorar as vías de titularidade provincial tanto para mellorar a capa de rodadura como para anchar e mellorar a seguridade dos peóns que transitan por elas.

E visto que polo concello de Frades discorren dúas vías provinciais, a DP3802 de Ordes a Ponte Carreira con preto de 10 km que discorren polo noso concello e a DP3801 de Sigüeiro a Cimadevila con 4km; e que nestas dúas vías provinciais existen varios núcleos de poboación que utilizan estas estradas para comunicarse entre si, é necesario ir adaptando estas vías con apenas arcén para que os/as nosos/as veciños/as poidan transitar por elas sen perigo de atropelos.

O Concello de Frades xa pediu formalmente no ano 2009 a súa inclusión dentro do plan de seguridade vial da Deputación da Coruña presentando nese momento 4 memorias detalladas para a construción de sendas nos núcleos de Cimadevila(Frades), Vistalegre (Galegos) A Torre(Aiazo) e Moar a igrexa (Moar) por este orde de preferencia.

Dende ese momento ata o día de hoxe fixéronse os dous primeiros proxectos que supoñen 1'5 km de sendas peonís polo que cremos que somos un dos concellos da provincia con menos kms nos que os nosos veciños poidan camiñar nestas vías sen perigos de atropelos ao non dispoñer de apenas arcén para a seguridade dos peóns.

Hoxe, 15 de Maio de 2020 traemos a este pleno ordinario a **proposta para aprobar por toda a corporación, unha memoria valorada redactada pola empresa Estudio Técnico Gallego S.A dunha senda peonil na estrada DP 3802 dende o núcleo da Torre (en Aiazo) ata o núcleo do Alto en Gafoi dende o pk 14.45 ao pk 16.82 na marxe esquerda e a solicitude a Deputación da Coruña da inclusión desta obra tan necesaria para unir o núcleo de Aiazo co núcleo urbán de Ponte Carreira dentro do plan de sendas peonís da Deputación provincial.>>**

Trala quenda de intervencións, que figura na gravación da sesión adxunta a esta acta, o Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

4.-ASUNTO.: SOLICITUDE DO POS+ADICIONAL 1/2020 POR APLICACIÓN DE PARTE DO SUPERAVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (SONF) DO EXERCICIO 2019, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 E DO POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTOS CORRENTES DO CONCELLO DE FRADES.-

O Sr. Alcalde-presidente procede a explicar as BASES do POS ADICIONAL, e a proposta da Alcaldía, contida no **EXPTE Nº: 2020/X998/000004.**

Logo de ver a aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, do Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o trinta de abril de dous mil vinte (30/04/2020), publicado no BOP nº 66 de data 5 de maio de 2020, co teor literal seguinte:

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020 PARA A REGULACIÓN DO:

- POS+ADICIONAL 1/2020, PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 E DO
- POS+ADICIONAL 2/2020, PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Logo de ver as seguintes Circulares de data 30 de abril de 2020 recibidas no Concello de Frades a través da plataforma subtel:

1. CIRCULAR ESPECIFICA RELATIVA AO POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19, pola que se concede ao Concello de Frades unha achega por importe de 32.295,43 euros.
2. CIRCULAR ESPECIFICA RELATIVA AO POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES, pola que se concede ao Concello de Frades unha achega por importe de 121.107,86 euros.

Logo de ver, que a previsión de gastos correntes aprobada para o POS 2020, coincidente coas previsións iniciais do orzamento, salvo en pavimentación (acceso a núcleos de poboación) foi a seguinte:

RECOLLIDA DE LIXO:

ORZAMENTO 2020: 116.600,54 euros

TAXAS: 68.900,54 euros

GASTOS FIN. CONCELLO: 47.699,46 euros

ALUMEADO PÚBLICO:

ORZAMENTO 2020: 80.000,00 euros

TAXAS: 0,00 euros

GASTOS FIN. CONCELLO: 80.000,00 euros.

MANTEMENTO ACCESOS A NÚCLEOS DE POBOACIÓN:

ORZAMENTO 2020: 49.118,01 euros

TAXAS: 0,00 euros

GASTOS FIN. CONCELLO: 49.118,01 euros.

Visto que para a nova achega RELATIVA AO POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES, pola que se concede ao Concello de Frades unha achega por importe de **121.107,86 euros**, é necesario imputar gastos para servizos obrigatorios por estimar a estas alturas do ano que van a ser



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

maiores que os previstos inicialmente nos orzamentos 2020, ou ben se imputan gastos non imputados ao POS 2020, tal e como se amosa a continuación:

DEPURACIÓN AUGA RESIDUAL (EDAR):

PREVISIÓN POS 2020: 0 euros

PREVISIÓN GASTO 2020/ORZAMENTO 2020: 33.248,41 euros

PREVISIÓN POS ADICIONAL 2/2020: 33.248,41 euros

ALUMEADO PÚBLICO:

PREVISIÓN POS 2020: 80.000,00 euros

ORZAMENTO 2020: 80.000,00 euros

PREVISIÓN GASTO ACTUAL 2020: 120.000,00 euros

PREVISIÓN POS ADICIONAL 2/2020: 40.000,00 euros

MANTENIMENTO ACCESOS A NÚCLEOS DE POBOACIÓN:

PREVISIÓN POS 2020: 49.118,01 euros

ORZAMENTO 2020: 62.195,41 euros

PREVISIÓN GASTO ACTUAL 2020: 86.113,62 euros

PREVISIÓN POS ADICIONAL 2/2020: 36.995,61 euros

LIMPEZA VIARIA: Imputación de soldos e salarios (*) Consta informe do concelleiro de facenda:

PREVISIÓN POS ADICIONAL 2/2020: 10.863,84 euros

TOTAL POS ADICIONAL 2/2020: 121.107,86 euros.

A continuación, concede a palabra ao voceiro do PP, o concelleiro D. Manuel Ferreiro Marzoa, que procede á lectura do Informe sobre a imputación de custos salariais no POS ADICIONAL 2.2020, co teor literal seguinte:

“Logo de ver a modificación das Bases reguladoras do POS+2020, para a regulación do POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.

Logo de ver que a Base 2.2 permite que se imputen como gastos correntes, o custo do persoal directamente adscrito aos servizos obrigatorios nos concellos de menos de 5.000 habitantes como é o Concello de Frades.

Logo de ver que se pode imputar como custo directo, unha parte do salario dos seguintes traballadores deste Concello, debido a que destinan parte da súa xornada (que se especifica a continuación), a traballos de limpeza viaria e mantemento de pistas (acceso a núcleos de poboación):



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

TRABALLADOR: LEANDRO MÉNDEZ MIRA.

NÓMINA ANUAL: 11.394,00 EUROS

SEGURIDADE SOCIAL: 3.535,04 EUROS

SALARIO TOTAL: 14.929,04 EUROS

% XORNADA DESTINADA A SV OBRIGATORIOS: 40%

PARTE DO SALARIO A IMPUTAR A POS+ADICIONAL 2020: 4.557,60 EUROS

PARTE SS A IMPUTAR A POS+ADICIONAL 2020: 1.414,02 EUROS

TOTAL IMPUTACIÓN POS 2.2020_LIMPEZA VIARIA: 5.971,62 EUROS

TRABALLADOR: BENJAMÍN CALVO COSTOYA

NÓMINA ANUAL: 8.695,50 EUROS

SEGURIDADE SOCIAL: 3.535,04 EUROS

SALARIO TOTAL: 12.230,54 EUROS

% XORNADA DESTINADA A SV OBRIGATORIOS: 40%

PARTE DO SALARIO A IMPUTAR A POS+ADICIONAL 2020: 3.478,20 EUROS

PARTE SS A IMPUTAR A POS+ADICIONAL 2020: 1.414,02 EUROS

TOTAL IMPUTACIÓN POS 2.2020_LIMPEZA VIARIA: 4.892,22 EUROS

TOTAL: 10.863,84 EUROS"

Trala quenda de intervencións, que figura na gravación da sesión adxunta a esta acta, o Pleno, vistos os documentos que constan no expediente acorda, por unanimidade, aprobar o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- CON RESPECTO AO POS+ADICIONAL 1/2020 POR APLICACIÓN DE PARTE DO SUPERAVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (SONF) DO EXERCICIO 2019, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 1/2020"** da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	32.295,43 €
---	-------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
c) Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.	8.000,00	0,00	8.000,00
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).	18.295,43	0,00	18.295,43
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	5.000,00	0,00	5.000,00
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.	1.000,00	0,00	1.000,00



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
T O T A L	32.295,43	0,00	32.295,43

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

SEGUNDO.- CON RESPECTO AO POS+ADICIONAL 2/2020, PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2020**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	121.107,86 euros

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL			

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	121.107,86 euros	0,00	121.107,86 euros
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00	0,00	0,00
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00	0,00	0,00
TOTAL	121.107,86 euros	0,00	121.107,86 euros

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

TERCEIRO.- Comunicar á Deputación Provincial da Coruña, a través da plataforma subtel, o contido deste acordo, así como a documentación necesaria para a solicitude das achegas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

5.-ASUNTO.: EXPTE Nº: 2019/X999/000002. APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE DA ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO PÚBLICO DENOMINADO <<PISTA EN ANSEMONDE>> PARA A SÚA POSTERIOR PERMUTA.-

O Sr. Alcalde-presidente procede á lectura da proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

EXPTE Nº: 2020/X999/000002

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO PÚBLICO DENOMINADO "PISTA EN ANSEMONDE" PARA A SÚA POSTERIOR PERMUTA.

Visto que por Providencia de Alcaldía incoouse procedemento para propoñer ao Pleno Municipal o acordo da alteración da cualificación xurídica [desafectación] do camiño público denominado "Pista en Ansemonde".

Lugar	Parroquia	Parcela	Polígono	Referencia catastral
Ansemonde	Abellá	9034	503	15039C503090340000TH

propiedade do Concello converténdose nun ben de carácter patrimonial posto que se considerou oportuno e conveniente, dentro da legalidade, dita desafectación para proceder á súa posterior permuta.

As características do camiño son as seguintes:

- - Situación xeográfica da pista: Lugar de Ansemonde, Parroquia de Abellá.
- Polígono: 503
- Parcela: parte da 9034
- Referencia catastral: parte da 15039C503090340000TH
- Superficie pista: 296 m2.
- Lindeiros pista:

Norte, parcela 5015 do polígono 503 e resto de pista.

Sur, parcela 2 do polígono 503 e resto de pista.

Este, parcela 2 do polígono 503.

Oeste, parcela 5015 do polígono 503.

- Uso e servizo público: A pista é un camiño público que aínda que no seu trazado de planos está apegado as edificacións, a realidade física indica que está transcorrendo por parte da parcela 2 do polígono 503.

- Froitos e rendas: Non ten.

Visto que con data 04.03.2020 emitíuse informe polos Servizos Técnicos Municipais en relación co ben obxecto de desafectación.

Visto que non consta anotación do ben no Inventario de Bens deste Concello como ben de dominio público, debido a que este Concello carece de inventario municipal. No Informe da técnico municipal se cualifica o camiño como público. Entende ademais que realizada a consulta ao Rexistro da Propiedade de Ordes, compróbase que as pistas e camiños de titularidade municipal non se encontran rexistrados.

Visto que, con data 7 de marzo de 2020 aprobose inicialmente polo Pleno o expediente de desafectación do camiño público denominado <<Pista en Ansemonde>> sito no Lugar



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

de Ansemonde, Parroquia de Abellá, Polígono: 503, Parcela: parte da 9034, Referencia catastral: parte da 15039C503090340000TH, para a súa posterior permuta.

Visto que, con data 3.04.2020 publicouse a aprobación inicial do expediente no Boletín Oficial da Provincia n.º 57 de VENRES, 3 DE ABRIL DE 2020 e no taboleiro de anuncios do Concello durante un mes para que durante ese período se presentasen as alegacións oportunas polos interesados.

Visto que, con data 12 de maio de 2020 emitíuse certificado de Secretaría sobre a inexistencia de presentación de alegacións no período de exposición pública dun mes.

Visto canto antecede, e considerándose que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, en virtude do artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e dos artigos 22.2. l) e 47.2. n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público denominado <<Pista en Ansemonde>> sito no Lugar de Ansemonde, Parroquia de Abellá, Polígono: 503, Parcela: parte da 9034, Referencia catastral: parte da 15039C503090340000TH, que pasa de ser un ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO. Anotar no Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica do ben inmovible, e trasladar ao Rexistro da Propiedade para que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistrais.

TERCEIRO. Iniciar os trámites previos ao expediente de permuta do camiño desafectado polo ben inmovible propiedade de D. Manuel Ángel Méndez Sanjurjo, vista a súa declaración responsable mediante escrito presentado por rexistro de entrada deste Concello nº 198.2020, de data 7 de maio de 2020, no que solicita e presta o seu consentimento para a tramitación do expediente de desafectación e posterior permuta referenciado, mostrando a súa conformidade co alzamento da suspensión dos prazos vixente coa entrada en vigor do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional 3º.

CUARTO. Solicitar que se emita informe polos Servizos Técnicos do Concello, no que se valore tanto o camiño desafectado, propiedade do Concello, como o ben inmovible que se pretende permutar, propiedade de D. Manuel Ángel Méndez Sanjurjo.

QUINTO. Solicitar que se emita informe de Intervención que relacione o importe dos recursos ordinarios do orzamento co valor do ben.

SEXTO. Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes acordos.>>

A continuación, sométese o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

6.- ASUNTO.: EXPTE Nº: 2019/X999/000003. APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO PÚBLICO DENOMINADO <<PISTAS EN A CHEDA>> PARA A SÚA POSTERIOR PERMUTA.-7.-



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2020.-

O Sr. Alcalde-presidente procede á lectura la proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

EXPTE Nº: 2019/X999/000003

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO PÚBLICO DENOMINADO "PISTAS EN A CHEDA" PARA A SÚA POSTERIOR PERMUTA.

Visto que por Providencia de Alcaldía de data 20.02.2020 incoouse procedemento para propoñer ao Pleno Municipal o acordo da alteración da cualificación xurídica [desafectación] do camiño público denominado "Pista en A Cheda"

Lugar	Parroquia	Parcela	Polígono	Referencia catastral
A Cheda	Abellá	9003	503	15039B503090030000AW

propiedade do Concello converténdose nun ben de carácter patrimonial posto que se considerou oportuno e conveniente, dentro da legalidade, dita desafectación para proceder á súa posterior permuta.

As características do camiño son as seguintes:

- Situación xeográfica das dúas pistas: Lugar de A Cheda, Parroquia de Abellá.
- Polígono: 503
- Parcela: parte da 9003
- Referencia catastral: parte da 15039B503090030000AW
- Superficie pista 1: 2.405 m2.
- Superficie pista 2: 353 m2.
- Superficie total de pistas a modificar de cualificación xurídica: 2.758 m2.
- Lindeiros pista 1: Norte, parcelas 270, 271 e 5058 do polígono 503. Sur, parcela 490 do polígono 520 e parcelas 272, 273 e 566 do polígono 503. Este, parte de pista da mesma parcela e referencia catastral. Oeste, parcela 490 do polígono 520.
- Lindeiros pista 2: Norte, parcela 269 do polígono 503. Sur, parcela 5058 do polígono 503. Este, parte de pista da mesma parcela e referencia catastral. Oeste, parcela 5058 do polígono 503.
- Uso e servizo público: A pista é un camiño público que só dá acceso ás parcelas propiedade da solicitante pasando polo medio de todas as edificacións que compoñen a súa explotación gandeira.
- Froitos e rendas: Non ten.

Visto que con data 02.03.2020 emitíuse informe polos Servizos Técnicos Municipais en relación co ben obxecto de desafectación.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Visto que non consta anotación do ben no Inventario de Bens deste Concello como ben de dominio público, debido a que este Concello carece de inventario municipal. No Informe da técnico municipal se cualifica o camiño como público. Entende ademáis que realizada a consulta ao Rexistro da Propiedade de Ordes, compróbase que as pistas e camiños de titularidade municipal non se encontran rexistrados.

Visto que, con data 7 de marzo de 2020 aprobouse inicialmente polo Pleno o expediente de desafectación do camiño público denominado <<Pista en A Cheda>> sito en Lugar de A Cheda, Parroquia de Abellá, Polígono: 503, Parcela: parte da 9003, Referencia catastral: parte da 15039B503090030000AW, para a súa posterior permuta.

Visto que, con data 3.04.2020 publicouse a aprobación inicial do expediente no Boletín Oficial da Provincia n.º 57 de VENRES, 3 DE ABRIL DE 2020 e no taboleiro de anuncios do Concello durante un mes para que durante ese período se presentasen as alegacións oportunas polos interesados.

Visto que, con data 12 de maio de 2020 emitíuse certificado de Secretaría sobre a inexistencia de presentación de alegacións no período de exposición pública dun mes.

Visto canto antecede, e considerándose que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, en virtude do artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e dos artigos 22.2. l) e 47.2. n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público denominado <<Pista en A Cheda>> sito en Lugar de A Cheda, Parroquia de Abellá, Polígono: 503, Parcela: parte da 9003, Referencia catastral: parte da 15039B503090030000AW, que pasa de ser un ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO. Anotar no Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica do ben inmovible, e trasladar ao Rexistro da Propiedade para que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistrais.

TERCEIRO. Iniciar os trámites previos ao expediente de permuta do camiño desafectado polo ben inmovible propiedade de Dna María del Carmen Mandayo Suárez, vista a súa declaración responsable mediante escrito presentado por rexistro de entrada deste Concello nº196.2020, de data 6 de maio de 2020, no que solicita e presta o seu consentimento para a tramitación do expediente de desafectación e posterior permuta referenciado, mostrando a súa conformidade co alzamento da suspensión dos prazos vixente coa entrada en vigor do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional 3ª.

CUARTO. Solicitar que se emita informe polos Servizos Técnicos do Concello, no que se valore tanto o camiño desafectado, propiedade do Concello, como o ben inmovible que se pretende permutar, propiedade de Dna María del Carmen Mandayo Suárez.

QUINTO. Solicitar que se emita informe de Intervención que relacione o importe dos recursos ordinarios do orzamento co valor do ben.

SEXTO. Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes acordos.>>



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

**A continuación, sométese o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade
acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.**

**7.-ASUNTO.: EXPTE Nº 2020/X999/000006. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DO
PLAN MUNICIPAL DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE
FRADES.-**

O Sr. Alcalde-presidente procede á lectura la proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

EXPTE Nº: 2020/X999/000006

**ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS
FORESTAIS DO CONCELLO DE FRADES**

Visto o Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), en materia de prevención de defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixa secundarias, ao que se adheriu formalmente o Concello de Frades.

Visto o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Frades asinado en data 11.02.2020 por D. Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, colexiado 2171), e por Dna. María Carmen Paz López (enxeñeira técnica forestal, colexiada 1265), remitido a este Concello por SEAGA, en aplicación do apuntado Convenio.

Visto que, o devandito Plan debe integrar as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais do municipio, conforme o previsto na lexislación galega de emerxencias.

Visto que, a súa estrutura debe axustarse ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias e, en todo caso, debe incluír a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas.

Visto o preceptivo e vencellante informe sectorial que sobre o significado Plan emitíu, con carácter favorable, a Consellería do Medio Rural (Dirección Xeral de Defensa do Monte - Subdirección Xeral de Prevención) en data 12/02/2020.

Vista a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, particularmente, o seu art. 16 e concordantes.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Frades, asinado dixitalmente o 11/02/2020 por D.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, colexiado 2171, e por Dna. María Carmen Paz López (enxeñeira técnica forestal, colexiada 1265).

Segundo.- Someter o nomeado Plan así como o expediente administrativo do que trae causa a trámite de información pública durante o prazo de 20 días (para xeral coñecemento e a fin de que calquera persoa física ou xurídica poda presentar alegacións/reclamacións), en virtude de anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, sen prexuízo da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e anuncios e na páxina web municipal.

Terceiro.- Comunicar este acordo, para coñecemento, eventual pronunciamento e restantes efectos, á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

Cuarto.- Dar traslado deste acordo á Xefatura da Policía Local e á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, para coñecemento, eventual pronunciamento e restantes efectos.>>

Trala quenda de intervencións, que figura na gravación da sesión adxunta a esta acta, o Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

8.-ASUNTO.: DONACIÓN DA PARTE INDIVIDUAL DOS/AS CONCELLEIROS/AS DAS ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2020 PARA DESTINALA A SERVIZOS SOCIAIS E ACCIÓNS PÚBLICAS DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DO CONCELLO DE FRADES COVID-19.-

O Sr. Alcalde-presidente procede á lectura la proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

EXPTE Nº: 2020/X999/000001

ASUNTO: DONACIÓN DA PARTE INDIVIDUAL DOS/AS CONCELLEIROS/AS DAS ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2020 PARA DESTINALA A SERVIZOS SOCIAIS E ACCIÓNS PÚBLICAS DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DO CONCELLO DE FRADES COVID-19.-

Logo de ver que o Estado de Alarma decretado con data 14 de marzo con motivo da situación de alerta sanitaria para a loita contra o COVID-19, supuxo a aplicación de medidas restritivas da mobilidade e desenvolvemento da actividade cotidiá á poboación e de confinamento, que tivo un enorme impacto nas persoas máis vulnerables, familias que se viron con problemas debido a que un ou ambos proxenitores deixaron de traballar, autónomos...

Vistas as necesidades dos noso/as veciños de Frades, que con motivo da crise sanitaria tiveron importantes repercusións económicas, afectando á súa vida persoal e familiar.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Vista Base adicional única: SUBVENCIÓN A GRUPOS POLÍTICOS, das Bases de Execución do Orzamento en vigor para o exercicio 2020.

Visto que a mesma, tendo en conta o previsto no artigo 73-3 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, fixa unha cantidade de 100,00 euros mensuais por grupo político e outro de 100,00 euros mensuais por concelleiro/a.

Visto que o importe por concelleiro/a correspondente ao primeiro semestre de 2020 acadaría a suma de 6.600,00 euros.

Logo de ver que as ditas dotacións non poderán destinarse ó pagamento de retribucións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

En virtude do disposto no artigo 22 da Ley 7/85, de Bases do Réxime Local, e sendo competente para a modificación das BEO, o Pleno da Corporación,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Donar por parte de todos e todas os/as concelleiros/as que integran a Corporación de Frades a parte individual da “asignación a grupos políticos”, correspondente ao primeiro semestre de 2020, para destinalo a “Atención das necesidades dos veciños de Frades durante e trala crise sanitaria causada polo COVID-19”. As liñas de axuda serán xestionadas polo Concello a través dos seus servizos sociais e serán as seguintes: alimentación, produtos de hixiene persoal e do fogar, medicamentos, axudas ao aluguer, axudas para subministracións básicas, axudas para material escolar, axudas de emerxencia social así como axudas a autónomos e empresarios que estean a pasar por dificultades económicas ocasionadas pola crise sanitaria. Os servizos sociais municipais serán os encargados de recoller as demandas, valoraras e facer proposta ou informe favorable, poñendo en marcha a maquinaria municipal para facer chegar a dita axuda a quen o necesite.

Segundo.- Aprobar inicialmente un crédito extraordinario, aos efectos sinalados no apartado anterior, financiado con baixas por anulación da aplicación orzamentaria 912.48000 para crear a 231.480.01, denominada “Servizos sociais. COVID-19”, por importe global de 6.600,00 euros, en virtude do disposto nos artigos 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigos 35 a 37 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, conforme ó disposto nas Bases de Execución do citado Orzamento en vigor.

Terceiro.- A tramitación da modificación orzamentaria seguirá os mesmos trámites que para a aprobación do Orzamento, sendo obxecto de publicación no BOP, aos efectos de que os interesados podan formular as alegacións que consideren oportunas durante o prazo de 15 días hábiles.>>

Trala quenda de intervencións, que figura na gravación da sesión adxunta a esta acta, o Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

9.- MOCIÓN.-

Non houbo.

10.- INFORMES DA ALCALDÍA.-



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O Sr. Alcalde-Presidente procede a informar dos asuntos, contidos na gravación da sesión adxunta a esta acta onde se poden escoitar de forma completa co detalle correspondente.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédense a preguntar se algún concelleiro/a quere formular rogo/s ou pregunta/s, Na gravación da sesión adxunta a esta acta se poden escoitar de forma completa co detalle correspondente.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 15:35 h.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE DATA 15.06.2020